



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

NORMAS DE FUNCIONAMENTO DA SALA DE EXPOSICIÓNS DO CENTRO CULTURAL

1. O Sala de Exposicións do Centro Cultural atópase a disposición de asociacións e colectivos para a realización de actividades de divulgación, así como para os artistas que queiran dar a coñecer a súa obra na nosa poboación. Tendo estas actividades sempre un marcado compoñente cultural ou educativo.
2. O colectivo ou artista interesado deberá contactar co Departamento de Cultura da Guarda para confirmar a dispoñibilidade do espacio e data.
 - 2.1. Mediante solicitude escrita solicitará a utilización do espacio. Debendo consignarse os seguintes datos:
 - Nome- título da exposición
 - Data preferente para realización de exposición, indicando duración mínima, así como o tempo necesario para a montaxe e desmontaxe
 - Número de obras e características da exposición.
 - Espacio a utilizar: SALA I ou SALA II, ou ambas
 - Outras necesidades ou eventualidades que sexa necesario contemplar.
 - 2.2. A petición será contrastada e confirmada pola Concellería de Cultura, que emitirá a súa conformidade e a dispoñibilidade do espacio e medios por escrito.
3. **O calendario de exposicións fixarase trimestralmente, situando as datas no primeiro mes do trimestre anual. Isto é: en xaneiro, resolveranse as exposicións relativas a abril-maio-xuño; en abril, resolveranse as datas para xullo-agosto-setembro, en xullo para outubro-novembro e decembro e en outubro, o primeiro trimestre do seguinte ano.**
4. A sala de exposicións conta cun sistema de colocación de cadenas para a colocación dos cadros e paneis. Non estando permitida a fixación directa de elementos na parede como cravos ou adhesivos.
5. O horario de apertura do Centro Cultural é:

INVERNO:	VERÁN:
De 10 a 13h y de 17 a 20h. De luns a venres	De 9 a 14h. de luns a venres
De 10 a 13h. os sábados	De 10 a 13h. os sábados